

ANEXO Á PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO QUE MODIFICA OS CRITERIOS DAS AVALIACIÓNS TERCEIRA E FINAL

Debido ás extraordinarias circunstancias de confinamento que vivimos, como nunca antes nos sucedera, temos que adaptar a programación do departamento para tentar de acoller nela solución ao modo non presencial de traballo e avaliación, seguindo as instrucións da Consellería de Educación.

Actividades de recuperación:

- **Tarefas para recuperar a 1ª avaliación**
Os alumnos que teñan suspenso a 1ª avaliación recibirán tarefas de recuperación. Poderán acadar o aprobado na 1ª avaliación si entregan debidamente feitas estas actividades de recuperación.
- **Tarefas para recuperar a 2ª avaliación**
Os alumnos que teñan suspenso a 2ª avaliación recibirán tarefas de recuperación . Poderán acadar o aprobado na 2ª avaliación si entregan debidamente feitas estas actividades de recuperación.
- Dado que as actividades que se proporán para a recuperación son soamente sobre contidos mínimos, a cualificación non poderá ser superior a 5 puntos.

Actividades de reforzo, repaso e ampliación:

Todos os alumnos recibirán tarefas de reforzo, repaso e ampliación diferentes para cada curso: 4º de ESO, 1º de Bacharelato, 2º de Bacharelato.

Criterios de avaliación:

- **1ª e 2ª avaliación:** As tarefas de recuperación realizadas polos alumnos suspensos serán corrixiadas e valoradas e servirán para acadar o aprobado en cada avaliación suspenso.
- **3ª avaliación** Consistirá na valoración das tarefas de reforzo, repaso e ampliación que realicen os alumnos. Dadas as especiais circunstancias en que se desenvolve esta parte do curso, nunca terán unha valoración negativa nin diminuírán a cualificación final.
- **Avaliación final ordinaria.** A cualificación final será o promedio da 1º e 2º avaliación, rectificadas, se é o caso, para os alumnos que acadasen avaliación anterior negativa, coa cualificación obtida da valoración das actividades de recuperación. A esta nota poderase engadir, como máximo, un punto máis, en función da valoración das actividades de repaso, reforzo e ampliación realizadas durante o período de suspensión de actividades presenciais.

Santiago de Compostela, 23/04/2020

Profesores

Antonio Nogueira Meije

Catalina Lorenzo Fuentes

José Antonio Dobarro Posada